

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de febreiro de dous mil dezanove; as dez horas e trinta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín., Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteito de xaneiro do dous mil dezanove (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

-Escrito dos profesores do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música no que solicitan que “ se nos inclúa na páxina web inicial do Concello de Ribadavia como Conservatorio Profesional de Música / Escola Municipal de Música de Ribadavia.

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado e proceder a inclusión solicitada na páxina web do concello.

-Escrito de Fabio Leandro Zavatta solicitando permiso para a instalación do Circo Inimitable no recinto ferial ou sitio de costume nas datas comprendidas entre o 18 e o 21 de xullo de 2019.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que non cabe acceder ao solicitado ao non dispoñer de sitio onde permitir a instalación do circo ao estar o recinto ferial ocupado por autocaravanas.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Ourense de data 28 de xaneiro de 2019 que falla:
“ Que debo estimar en parte la demanda presentada por Dña Ana Fernández Gayoso y en virtud de ello condeno al Concello de Ribadavia al abono a la actora de 448,88 euros en concepto de vacaciones no disfrutadas , incrementados con el 10% moratorio legal, más otros 209,43 euros en concepto de indemnización por fin de contrato.”

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ORDE DE 28 DE DECEMBRO DE 2018 POLO QUE SE APROBAN AS BASES QUE REXEN AS SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS A MOCIDADE DURANTE O ANO 2019.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde de 28 de decembro de 2018 polo que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas a mocidade durante o ano 2019, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Orde”.

SOLICITUD DE SUBVENCION.-

Resolución do 26 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestruturas turísticas no medio rural para o ano 2019.

O abeiro Resolución do 26 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestruturas turísticas no medio rural para o ano 2019., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Recuperación e posta en valor do Parque Robla de Ribadavia”, por importe de 44.891 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

-Dase conta do Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Ciclista Raiders do Ribeiro, para a organización da 3ª Ruta BTT do Ribeiro-Ribadavia.

-Dase conta da adhesión do concello a Iniciativa Pueblos Mágicos de España do Instituto de Desarrollo Local y Estudios Sociales

APROBACIÓN DAS BASES DAS COMPARSAS DO ENTROIDO 2019

Bases de participación de comparsas

- As comparsas terán un mínimo de 10 persoas sen máximo de compoñentes.
- As comparsas terán que inscribirse no Concello, ou ben, na Casa de Cultura antes do xoves, día 28 de febreiro. Terán que achegar os datos do responsable da mesma e un listado co nome do responsable, teléfono e número de compoñentes.
- As comparsas terán que presentarse o domingo día 3 de Marzo, ás 17:00 horas e/ou, o martes día 5 de Marzo, ás 17:00 horas no I.E.S O Ribeiro. Ámbolos dous desfiles rematarán na Praza Maior.
- As comparsas recibirán:
 - 150 euros por comparsa.
 - 100 euros por carroza.
- As comparsas teñen dereito a unha subvención de 3,00 euros (por participante nun desfile), ou 5,00 euros (por participación nos dous desfiles), por participante.
- Coma nos anos anteriores non se entregaron premios, agradécese un ano máis o esforzo de todos por manter o Entroido en Ribadavia.

Manteránse estas condicións ata esgotar o orzamento.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e cincuenta e minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Ribadavia